

**Máis alá** - Artigo publicado en [www.ctnl.org](http://www.ctnl.org)

03-09-2008

## De observatorios e consorcios

OPINIÓN: por Isabel Vaquero Quintela



O 27 de decembro de 2006 a SXPL [resolvía](#) un [concurso](#) licitado tres meses antes por un importe próximo aos 300 mil euros, a prol da consultora madrileña [Estrategia y Organización S.A.](#) Ano e medio máis tarde, a Secretaría Xeral de Política Lingüística presentou o [Observatorio da Lingua Galega](#), así como os primeiros resultados dos seus estudos, que semella se van prolongar cando menos durante este mesmo ano 2008.

O [Observatorio da Lingua Galega](#) (OLG) analiza oito grandes ámbitos da sociedade galega, buscando a concomitancia cos establecidos no [Plan xeral de normalización da lingua galega](#) (administracións públicas, educación, medios de comunicación, economía e empresa, sanidade, cidadanía, tecido asociativo e telecomunicacións).

Concordo co presidente d'A Mesa, Carlos Callón, en que non foi por falta de datos a inoperancia da SXPL ata agora. Temos un plan de normalización da nosa lingua que parte dun diagnóstico, e o plan de actuacións, mal que ben (sen responsables de execución, sen orzamentos, sen priorización, sen indicadores, etc.), velaí o está dende 2004: para executalo.

Volvendo ao OLG, os seus obxectivos pódense resumir en un: medir o impacto normalizador da execución do Plan xeral de normalización lingüística. E para iso cómpre ter uns datos de partida que sexan comparables e coherentes con outros posteriores, alén de -enténdaseme ben- impresións (probablemente certas), estudos dispersos e incoherentes entre si (aínda que necesarios e útiles en si mesmos) ou casuísticas que impactan na opinión pública e que convén seguir sacando á luz para que as luces e sombras de todo proceso normalizador se distingan con claridade.

Dende ese punto de vista, pola miña banda, nada que obxectar a que se gasten 300 mil euros (uns 50 millóns das antigas pesetas) do orzamento público no OLG. Paréceme bastante menos rendible gastar un millón de euros nunha campaña publicitaria pura e dura. Iso si, a ferramenta ten que ser rigorosa, científica na súas bases metodolóxicas e na súa aplicación. Non vou seguir tirando por aí, aínda que penso alguén debería facelo...

Como nos propios documentos do OLG se recoñece (vid. Por exemplo, Informe da Administración, páx. 28) a metodoloxía seguida inspírase nunhas ferramentas que se aplican en Cataluña dende hai anos, como o Indexplà. Lembrades, compañeiros e compañeiras, aquel primeiro curso de dinamización lingüística que organizou a CNTL en abril de 1997? Daquela Toni Mataix e Assumpta Escolá, técnicos do Consorci, explicáronnos que o Indexplà o é un instrumento técnico no marco da xestión lingüística.

A xestión lingüística é unha metodoloxía de traballo para modificar os usos lingüísticos de organizacións sociais e de empresas a través de plans lingüísticos. Así como os usos institucionais deben fundamentalmente regularse -e apoiarse con recursos-, e son os poderes públicos os que fixan os obxectivos, os das organizacións sociais e de empresas só se poden mudar dende o convencemento e a vontade de cada unha delas, que propoñen e asumen os seus propios obxectivos. É dicir, a xestión lingüística pertence ao ámbito da dinamización e responde ao compromiso particular de cada organización.

Xa que logo, unha organización coñece o diagnóstico da súa situación lingüística a través do Indexplà e fixa os obxectivos a que quere chegar; propónse un plan individualizado para esa organización (diagnóstico, definición de obxectivos, deseño de actuacións, secuencialización e temporalización, indicadores e métodos de avaliación). Posteriormente, cómpre executar o plan lingüístico, mediante actuacións de sensibilización, de xestión, e prestación de servizos (asesoramento lingüístico, formación específica). E finalmente, avalíase co Indexplà se se avanzou na normalización lingüística desa organización e se se cumpriron os obxectivos.

Quen se encarga en Cataluña de implementar os traballos de xestión lingüística (contacto coas organizacións, negociacións, deseño de plans, execución, avaliación)? Quen se encarga de facer o seguimento e as observacións directas\* que alimentan o Indexplà? Técnicos e técnicas de normalización lingüística especializados/as, coordinados no Consorci per a la Normalització Lingüística, “un ente creado a partir da vontade común da Generalitat e de numerosos concellos, consellos comarcais e deputacións co obxectivo de facilitar o coñecemento, uso e divulgación do catalán en todos os ámbitos”. Conta cuns 120 centros territoriais, algúns deles con varias sedes, nos que traballan en asesoramento, formación e xestión lingüística ben máis de 200 técnicos e técnicas, “un equipo humano especializado”. Tampouco en Euscadi son alleos á necesidade de contar con recursos especializados, e existe unha rede integrada por 156 servizos de promoción do eusquera na sociedade.

Esa foi a fonte principal en que a CTNL se inspirou para propoñer en 1998 (en novembro fará 10 anos!!!) unha organización de servizos lingüísticos para o noso país, para mellorar a coordinación, a eficacia e a eficiencia no traballo respecto ao acadado coa estrutura existente ata agora. Esta nosa proposta foi o piar dunha actuación que ía acometer a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a creación do Consorcio de Planificación Lingüística. Unha iniciativa frustrada agora pola propia SXPL.

Temos un *bonito* plan de normalización lingüística para o galego. Temos os resultados dun novo diagnóstico por sectores que nos fornece máis datos. Agora xa podemos avaliar o impacto da execución do PXNL... se é que algún día se chega a executar, algo que non depende só da SXPL, senón de que se asuma transversalmente no goberno.

Executar o PXNL implica verdadeira vontade política e unha verdadeira estrutura técnica. Cómpre legislar e regular, mais tamén cómpre sachar nas leiras da dinamización. É indispensable percorrer e coñecer cada recuncho do país, adaptarse ás características de cada asociación, de cada empresa; saber das posibilidades e dos atrancos, negociar, propoñer, executar, facer seguimento... A estrutura técnica do país

para semellante obra é escasa e feble dende todos os puntos de vista: organizativo, de coordinación, de dirección e directrices políticas... Todas estas carencias provocan ineficacia e ineficiencia dos recursos públicos que se invisten en normalización lingüística -na CTNL levamos anos e anos denunciándoo-, e ademais, precariedade e inestabilidade de servizos e de técnicos/as.

Malo é que a execución do PXNL dende a súa aprobación -catro anos- sexa ínfima, mesmo durante os tres anos de bipartito. Peor é que coa negativa da SXPL a impulsar a creación do Consorcio se vai empecer a acción en política lingüística do vindeiro goberno.

Tácticas partidistas contra o socio de goberno que se dedica a montar consorcios; prudencia desmesurada perante o clima social creado por Galicia Bilingüe e os seus compañeiros de andaina que levan á paralización (Conflitos non, pax lingüística!, coma noutros tempos...); lealdade mal entendida cara ao socio de goberno (non conveñen liortas a estas alturas do xogo... cando menos por este tema). Sexa cal for a razón, o goberno galego está a ser moi irresponsable coa saúde e co futuro da nosa lingua.

*\* Obsérvase a diferenza coa metodoloxía seguida no OLG. A análise cuantitativa fíxose mediante enquisas telefónicas de 15 minutos para coñecer opinións dos entrevistados sobre os ítems propostos.*

---

Isabel Vaquero Quintela é técnica de normalización lingüística da Universidade de Santiago de Compostela e socia fundadora da CTNL [\[+info\]](#)

#### LIGAZÓNS:

- ["Unha iniciativa fundamental". Artigo de Carlós Callón en Vieiros](#)
- ["Non hai vontade política". Análise de Xosé Manuel Sarille en Galicia Hoxe](#)
- [Secretaría Xeral de Política Lingüística](#)
- [Prego de prescricións técnicas para a adxudicación do contrato de servizos para o deseño, produción e execución dunha campaña de publicidade para a promoción da lingua galega](#)
- [Informe sobre a situación da lingua galega na sociedade. Administración](#)
- [Programa do curso sobre Dinamización lingüística](#)
- [Consorti per a la normalització lingüística](#)
- [Proposta da CTNL sobre a comarcalización de servizos lingüísticos](#)
- [Organigrama da Secretaría Xeral de Política Lingüística](#)